

C.-OS ELEMENTOS HUMANOS

1.- A estrutura agraria


a) Os elementos da estrutura agraria son demográficos (a poboación agraria); sociais (o sistema de propiedade e explotación da terra) e económicos (os aproveitamentos agrarios e os sistemas e técnicas de produción).

a.1) A poboación agraria


► Evolución da poboación ocupada nas actividades agrarias

- Experimenta un progresivo descenso ao longo do s. XX e na actualidade é escasa, pasou de ocupar en 1900 a máis do 63% da pob. activa a ser do 39% en 1960 e descender ata o 4,4% no ano 20014. Ademais, encóntrase moi envellecida e masculinizada, sobre todo no interior peninsular.

- A media nacional “esconde” diferenzas territoriais: Madrid, Baleares ou P.Vasco teñen cifras cercanas ao 1%, mentres que Extremadura, Murcia ou Galicia teñen cifras > do 8%.



A **causa principal** foi o ***éxodo rural*** entre 1960 e 1975 que levou ao **despoboamento** de moitas zonas rurais e a un gran **avellentamento** da pob. Na actualidade máis do 50% da pob. ocupada ten entre 40 e 64 anos. Entre 1975 e 1990, a crise económica desacelerou o éxodo e incrementou a *actividade agraria a tempo parcial** (páx. 149).



2014, % pob. activa agraria por idade

16-19	1,7%
20-39	40,3%
40-64	58,1%
65 e +	1,1%

O grupo de 65 anos e máis experimentou un notable descenso grazas ás xubilacións anticipadas promovidas pola PAC (4,1% en 1985).

► **As tendencias demográficas** destacables desde os anos 90 son:

- Continúa o descenso demográfico e o avellentamento nas áreas rurais máis desfavorecidas.



- Crec. natural negativo.

- Emigración.

- Xubilación.

- Prexubilacións ou abandono da actividade nas explotacións menos rendibles ou das traballadas a tempo parcial.

- Algunhas áreas frearon o retroceso grazas ás subvencións destinadas a evitar o despoboamento e a instalarse novos agricultores.

- Certa recuperación e rexuvenecemento das áreas rurais máis dinámicas.



- Mantemento da poboación.

- Man de obra inmigrante.

- Novas actividades residenciais, industriais e de servizos en áreas periurbanas e turísticas.




a.2) O sistema de propiedade e de explotación

► O **espazo agrario** organízase en **parcelas** e **explotacións agrarias**. A **propiedade** agraria é o conxunto de parcelas pertencentes a un propietario. En cambio, as **explotacións agrarias** son o conxunto de parcelas traballadas por un mesmo produtor ou empresario agrario, independentemente de se están separadas entre si ou non, e de son da súa propiedade ou non. As explotacións diferéncianse polo seu tamaño, distribución e réxime de tenza.



- As **parcelas** son terras con límites precisos pertencentes a un propietario. Poden clasificarse atendendo a varios criterios. En función dos seus **límites** poden ser pechadas (se contan cunha separación física: sebes, valados...) ou abertas (se non existe separación física). En función da súa **forma**, as parcelas poden ser regulares (cadradas, circulares, rectangulares...) ou irregulares. En función do seu **tamaño** poden ser grandes (>100ha), medianas (entre 10 e 100ha) e pequenas (<10ha).




► **O tamaño** das explotacións caracterizouse tradicionalmente polo predominio dos valores extremos e a escaseza das dimensións medias.

- Na actualidade mantéñense os tamaños extremos, aínda que **diminuíu o nº de explotacións e aumentou o seu tamaño medio**. As causas foron:

- O éxodo rural favoreceu a venda ou o arrendamento de propiedades.

- Desde a década dos 90 a Política Agraria da UE fomentou as prexubilacións e os abandonos voluntarios das explotacións menos rendibles.

- No ano 2013 o tamaño medio das explotacións chega a ser de 31,6 hectáreas, cifra aceptable, aínda que inferior á media europea. O problema é que moitas explotacións teñen un número elevado de parcelas, que ademais están separadas entre si, situación que mellorou coa *concentración parcelaria*.



Año	Explotaciones agrícolas con tierras (miles)	Superf. utilizada (miles de ha)
1962	2.857	19
1972	2.514	19
1982	2.344	23
1989	2.264	24
1999	1.764	26
2007	1.029	33

Evolución das dimensións das explotacións agrarias (número e tamaño)	Ano 1962		Ano 2013	
	N.º de explotacións	Superficie ocupada	N.º de explotacións	Superficie ocupada
Explotacións pequenas	78,4%	13%	66,5%	9,5%
Explotacións medianas	19,7%	30,5%	28%	33,8%
Explotacións grandes	1,9%	56,5%	5,5%	56,7%

As pequenas explotacións son maioritarias numericamente pero ocupan unha reducida superficie. Tenden a diminuír o seu número debido á emigración rural e á necesidade de competitividade agraria. As explotacións medianas e grandes son menos numerosas pero ocupan a maioría da superficie agraria. O seu número tende a incrementarse, sobre todo o das medianas, que son as que máis se beneficiaron da redución das pequenas.

Distribución da propiedade agraria por provincias

Gran propiedade
máis de 100 ha

■ máis de 50%

■ de 40 a 50%

■ de 35 a 40%

Mediana propied.
de 10 a 100 ha.

■ máis de 50%

■ de 40 a 50%


■ de 35 a 40%

Pequena propied.
menos de 10 ha.

■ máis de 50%

■ de 40 a 50%


■ de 35 a 40%



- A **pequena explotación** ou *minifundio* (menos de 10 ha)

- Representa no ano 2013 máis do 66,5% das explotacións, pero só supón o 9,5% da *superficie agraria utilizada** (páx. 150, parte inferior do mapa)
- Predomina no norte da Península, o litoral mediterráneo, parte de Castela-León, Baleares e Canarias.
- Nuns casos trátase de minifundios tradicionais (xurdidos das divisións por herdanza) que impiden unha agricultura competitiva e xeran escasos ingresos, moitas veces traballados a tempo parcial e enfocados ao autoconsumo.
- Noutros casos son explotacións intensivas modernas, hortofrutícolas ou baixo plástico, que si resultan rendibles (horta levantina, regadíos do Delta do Ebro).

Explotacións con SAU	Explotacións (en %)		Superficie total (en %)	
	Ano 1962	Ano 2013	Ano 1962	Ano 2013
< 10 ha	78,4	66,5	13	9,5
10 - <100 ha	19,7	28	30,5	33,8
>= 100 ha	1,9	5,5	56,5	56,7





Parcelas minifundistas en Cantabria, exemplo de agricultura tradicional de autoconsumo.



Parcelas minifundistas no Campo do Turia, Valencia, exemplo de agricultura intensiva moderna.



- A **grande explotación** ou *latifundio* (máis de 100 ha)


- Representa no ano 2013 menos do 5,5% das explotacións pero supón o 56,7% da *superficie agraria utilizada*.

- Predomina en Andalucía occidental, Extremadura, Castela-A Mancha e Aragón.

-Nuns casos trátase de latifundios tradicionais nos que o absentismo e desinterese do propietario, o cultivo extensivo e o escaso investimento supoñen baixos rendementos, a man de obra é maioritariamente de xornaleiros que sofren grave paro estacional.

-Noutros casos son explotacións modernas, convertidas en empresas capitalistas de alto rendemento (producción de aceite, viño...)

Explotacións con SAU	Explotacións (en %)		Superficie total (en %)	
	Tamaño (en ha)	Ano 1962	Ano 2013	Ano 1962
< 10 ha	78,4	66,5	13	9,5
10 - <100 ha	19,7	28	30,5	33,8
>= 100 ha	1,9	5,5	56,5	56,7




Latifundios en Xaén, adicados ao cultivo de oliveiras.



Cría de cerdo ibérico na devesa extremeña.



Finca La Emperatriz, A Rioja, unha gran propiedade que supera as 100 ha, esta moderna plantación de viñedos permite producir un viño de gran calidade que se exporta a EEUU, Alemaña, Suiza, Xapón, China, Bélxica, Irlanda, Reino Unido, Holanda, Polonia, República Checa, México...



► **A distribución** tradicional das explotacións incluía numerosas parcelas, a miúdo separadas entre si. Na actualidade a situación mellorou grazas á política da **concentración parcelaria**.

- Iniciada en 1952, transferida ás C.Autónomas a partir de 1985 e inacabada en moitos casos.



- Pretende diminuír o minifundio e a dispersión das parcelas:

- Concédelle a cada propietario unha soa parcela ou unhas poucas, equivalentes en clase de terra e tipos de cultivo ás que tiña.
- Da acceso ás parcelas mediante vías de comunicación.
- Fíxase unha unidade mínima por debaixo da cal non se pode crear ningunha nova parcela.



- Grazas á concentración xurdiron parcelas menos numerosas, máis grandes e regulares.
- Diminuíu o número de lindes.
- Creouse unha nova rede de camiños.
- **Pero**, a aplicación da concentración foi maior nas áreas de monocultivo de secaño da Submeseta Norte, que nas típicas áreas minifundistas do norte ou do levante peninsular. Ademais en moitos casos o proceso non se completou a pesar dos anos pasados desde o seu inicio.





O Servizo Nacional de Concentración Parcelaria (SNCP) creouse coa Lei de Concentración Parcelaria no ano 1952. Posteriormente fusionouse co INC (Instituto nacional de Colonización) e formouse o IRYDA (Instituto de Reforma e Desenvolvemento Agrario), no ano 1971. Desde 1985 foi transferido ás Comunidades Autónomas.

O seu obxectivo fundamental foi diminuír o minifundio. A concentración foi concebida de forma subsidiaria, é dicir, que só se leva a cabo se é solicitada por iniciativa dos propietarios da terra de cada municipio. Os resultados ata 1982 foron unha concentración dun 29,4 % das terras labradas, o que supuxo un incremento da renda do agricultor, un aumento da mediana propiedade e unha diminución das lindes, que favoreceu a mecanización e a creación dunha nova rede de camiños. Sen embargo, as zonas onde había máis problemas de minifundismo, como Galicia, Asturias o Aragón, non foron as máis beneficiadas.

CONCENTRACIÓN DE TIERRAS EN LA COMARCA DE FERROLTERRA

La parcelaria de la zona rural de Ferrol, junto a la de O Val-Lago-Meirás (Narón y Valdoviño), son las únicas que restan por finalizar en Ferrolterra. Han pasado 30 años desde que se solicitó la concentración de tierras en las parroquias de Mandiá, Esmelle, Covas y Marmancón, y todavía no ha llegado a su fin. Fuentes de la Consellería de Medio Rural informaron de que actualmente el proceso se encuentra pendiente sólo de un único recurso (un recurso de alzada presentado por la organización ecologista Adegas contra la ejecución de diversos caminos por encontrarse éstos en zona considerada Lugar de Interés Comunitario -LIC)...

Los afectados por la parcelaria de Mandiá, Esmelle, Covas y Marmancón, que suman más de dos millares, han recibido en los últimos años compromisos políticos de que el proceso concluiría primero en el 2007 y luego en el 2008. No ha sido así.

El fin de los trámites de la concentración urge a los propietarios en general, muchos de los cuales han fallecido sin verla terminada, pero sobre todo a aquellos que han sido expropiados por la construcción de la carretera al puerto exterior de Caneliñas. Si no pueden acreditar la titularidad de sus terrenos, no pueden cobrar las indemnizaciones.

Los datos

La concentración se solicitó en 1980. Afecta a una superficie total de 2.043 hectáreas que estaban distribuidas entre 22.957 parcelas y han sido reducidas a 5.003 fincas. Cuando se inició el proceso, cada propietario tenía una media de once fincas, esa proporción se ha reducido a 2,3 fincas por vecino.

► **O réxime de posesión ou tenza** é o grao de dominio sobre a terra, absoluto no caso de propiedade e limitado nos demais casos.

- Posesión **directa**: o propietario e o explotador son a mesma persoa, a explotación pode ser traballada con ou sen asalariados. É o réxime predominante en España, próximo ao 74%, pero tende a reducirse polo abandono de moitas pequenas explotacións familiares (pouca rendabilidade, xubilación...)

- Posesión **indirecta**: o propietario cédelle a explotación da terra a outra persoa.

a cambio

- do pagamento cunha parte da colleita, *parcería*.
- do pago dunha renda, *arrendamento*.



Nos últimos anos diminuíu a *parcería*, que supón xa menos do 2%, pero aumentaron as terras *arrendadas*, que supoñen preto do 23%. O motivo está na necesidade de aumentar a dimensión da explotación e modernizala, para facela rendible.

Un medio para conseguir explotacións agrarias rendibles de dimensión suficiente foi a creación de **cooperativas**. Na actualidade, hai arredor de 4000, que representan cerca do 40% da produción final agraria, predominan as dedicadas a transformar os produtos e comercializalos.



A Xunta de Galicia pon en marcha un Banco de Terras para incrementar o tamaño das explotacións.

O Banco de Terras pretende colocar no mercado nos próximos catro anos máis de 100000 ha, infrautilizadas ata o de agora, para convertilas en produtivas. O Goberno galego ofrecerá garantías de cobro do aluguer ao propietario (que cede as terras, en principio, por 5 anos) e a devolución do terreo en perfectas condicións.

ELPAÍS.com, 5- 11-2007



a.3) Os aproveitamentos, os sistemas e as técnicas agrarias

► **Os aproveitamentos agrarios** poden ser agrícolas, gandeiros e forestais. Tradicionalmente coexistían no mesmo espazo agrario, pero na actualidade téndese á especialización segundo as condicións naturais ou a demanda do mercado.

► **Os sistemas agrarios** son os procedementos empregados para obter produtos agrarios, Extensivos se o terreo non se aproveita ao máximo por falta de investimento ou por emprego de técnicas tradicionais; intensivo se o terreo se aproveita ao máximo polo emprego de moito traballo ou de investimentos de técnicas modernas. Na actualidade téndese a unha crecente intensificación agraria, aínda que a nova PAC impulsa a extensificación como forma de mellorar o coidado do solo e o benestar animal.

► **As técnicas agrarias** ou instrumentos de produción incorporaron avances como o uso de maquinaria, a selección xenética de sementes e de razas gandeiras, o emprego de fertilizantes e produtos sanitarios químicos... No obstante, están a crecer as explotacións técnicas máis naturais e respectuosas co medio natural.



b) As diferentes estruturas agrarias

► Características da estrutura agraria e gandeira tradicional.

- Emprego de man de obra numerosa, ao non ser unha agricultura mecanizada.
- Traballábanse explotacións nas que coexistían pequenas e grandes propiedades.
- Soía ser unha agricultura extensiva e con escaso desenvolvemento tecnolóxico.
- Coexistencia de razas autóctonas, con elevado grao de rusticidade.
- Técnicas atrasadas e sistemas extensivos.

**Agr. de
subsistencia**



Por iso os rendementos eran baixos e a produción adicábase ao autoconsumo, polo que era unha agricultura de *policultivo*, os excedentes vendíanse no mercado nacional (protexido da competencia exterior por aranceis).

O impacto sobre o medio ambiente era moderado.

► A partir da década dos 60 o medio rural español experimenta importantes transformacións, a **estrutura agraria e gandeira produtivista**.

- Emprego de escasa man de obra, que ademais está moi avellentada.
- Progresivo aumento do tamaño das explotacións agrarias.
- Maior intensificación.
- Incorporación de avances tecnolóxicos (mecanización, uso de fertilizantes e pesticidas, regadío...)

- Tendencia á especialización
- Progresiva tecnificación e intensificación.



Agr. de mercado




Por iso os rendementos eleváronse, a produción tende á especialización rexional - *monocultivo* - e á venda nun mercado cada vez máis globalizado.

O impacto sobre o medio ambiente é elevado: deforestación, sobre-explotación e contaminación do solo.

► A partir da década dos 90 iniciouse a **estrutura agraria e gandeira posprodutivista ou ecolóxica**, cuxo obxectivo é a sostibilidade, combinando a competitividade coa conservación do medio e a tradición cultural agraria.

- Emprego de escasa man de obra, pero suficiente para evitar o despoboamento rural.
- Predominio de explotacións familiares que tenden á diversidade produtiva.
- Uso de sistemas extensivos e de técnicas respectuosas co medio: barbeito, rotación de cultivos, abonos orgánicos....

- Recuperación das razas autóctonas.



Agr. ecolóxica



Por iso a produción é variada e de calidade, e destínase a un crecente número de consumidores “verdes” dispostos a pagar máis por este tipo de produtos. O impacto natural trata de reducirse ao mínimo.